

VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES E DIVERSIDADE FUNCIONAL ANDAINA REDONDELA

FICANDAINA 2019



FICANDAINA 2019

VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES E DIVERSIDADE FUNCIONAL
ANDAINA REDONDELA

Conferencias
Mesas redondas
Proxeccións escolares



Multiusos de A Xunqueira
Redondela

Organiza: Asociación Andaina de
Persoas con Necesidades Especiais

FICANDAINA 2019

VII Festival internacional de curtametraxes e diversidade funcional



Bases do VII festival internacional de curtametraxes e diversidade funcional Andaina

O festival componse das seguintes seccións:

DUAS COMPETITIVAS:

A- Sección oficial

Nela participan unha selección de traballos elexidos pola comisión evaluadora

B- Sección escolar

Selección de traballos realizados por alumnos e persoal de centros educativos.

NON COMPETITIVA:

A- Sección infantil

Unha selección de películas de animación, para público infantil, que serán proxectadas en sesións escolares

- **1) O Festival celebrarase en Redondela (Pontevedra) do 22 ao 27 de abril de 2019** nas instalacións do Multiusos de A Xunqueira (paseo da Xunqueira s/n)
- **2) Admítense traballos tanto de carácter nacional coma internacional, sempre que estén grabadas ou subtituladas en castelán ou galego.** A duración das obras, será **maior de 2 minutos e inferior a 20 minutos**, e deberán entregarse en versión orixinal quedando excluídas da selección, aquelas que non cumpran estes requisitos.
- **3) A temática das obras presentadas a concurso, tratará o tema da diversidade funcional, ou estará protagonizada por algunha persoa con discapacidade,** debendo concordar cos fins da asociación Andaina; a mellora da calidade de vida das persoas con diversidade funcional e das súas familias, para o que consideramos esencial a total integración no eido escolar, social e laboral.
- **4) Nas seccións, oficial e escolar, admitiranse xéneros de ficción e documental.**
- **5) Admitiranse como máximo dúas obras por autor. Éstas deberán haber sido producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2016.**
- **6) Valorarase positivamente, que estén subtituladas en castelán ou galego,** para facilitar o acceso a persoas con discapacidade auditiva.
- **7) As curtametraxes enviaranse ao festival en formato dixital a través das plataformas: movibeta.com, festhome.com ou clickforfestivals.com**

FICANDAINA 2019

VII Festival internacional de curtametraxes e diversidade funcional



- **8)** Unha comisión designada pola organización do Festival será a encargada de seleccionar os traballos que pasarán a concurso na Sección Oficial e na Sección Escolar, de entre todos as curtametraxes recibidas; atendendo a criterios de calidade e o cumprimento destas normas. A comisión seleccionará tamén as curtametraxes que serán exhibidas na sección non competitiva do Festival, sendo a súa decisión inapelable.
- **9)** O festival entregará **dous premios**:
Sección oficial: Concedido polo público asistente a os diferentes pases e dotado con **500€ e estatuilla**.
Sección escolar: Un xurado proposto polo Festival outorgará este premio dotado con **200€ e estatuilla**.
- **10)** A Organización do Festival resérvase o dereito de excluir todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista ou vulnere algún dereito fundamental das persoas.
- **11)** Os autores das obras cederán ao Festival, durante a celebración do mesmo, os dereitos de explotación destas, consistentes na reprodución, comunicación e distribución pública das mesmas, así coma en posteriores exhibicións que puidiera facer a Asociación Andaina con fins culturais ou educativos, os cales exercitaranse sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestacións en contra.
- **12)** Os concursantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros polo uso das pezas musicais nas obras presentadas e se responsabilizan tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, eximindo a Organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido. No caso de que se utilice unha pista de audio con material propiedade dunha compañía discográfica sin permiso, non se aceptará a película a concurso.
- **13)** A **data límite de recepción de traballos será o 15 de Marzo de 2019**
- **14)** A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en caso necesario.
- **15)** Os participantes deberán aceptar o tratamento das bases

FICANDAINA 2019

VII Festival internacional de curtametraxes e diversidade funcional



INSCRICIÓN

- As películas a concurso enviaranse ao festival **exclusivamente a través das plataformas dixitais movibeta.com, festhome.com e clickforfestivals.com**
- Os participantes farán chegar suas copias **antes do 15 de Marzo de 2019** as plataformas anteriormente mencionadas incluíndo a seguinte información: **3 fotografías en formato dixital** de calidade da curtametraxe **Copia do DNI en formato dixital da persoa representante** da curtametraxe
- Agradecerase: **Unha imaxe dixital do cartaz da curtametraxe** -Calquera outra información de interese (enlaces a trailers, enlaces a making-of, páxina web, dossier de prensa, fichas, etc..)
- Toda a documentación requirida, pasará a formar parte do material da organización para a videoteca do festival.
- Os gastos derivados do envío dixital do material correrán por conta dos participantes.
- O cumprimento dos requisitos de inscrición é condición obrigada para a participación no concurso. Calquera deficiencia, dato incompleto, ou documentación non enviada suporá a non participación no concurso.
- Non se admitirán envíos postais.
- Datos de Contacto co Festival

Asociación Andaina de persoas con NEE (Antonio García Santos)

asociacionandainaredondela@gmail.com

Apdo de correos 53 – 36800 Redondela - Pontevedra